Concello de Arzúa

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

ACTA TRIBUNAL SELECCIÓN PROBA TEORICA PROCESO DE FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE PERSOAL DESTINADO AO SERVIZO DE MANTEMENTO DO CONCELLO DE ARZUA. CATEGORÍA OPERARIO SERVIZOS VARIOS.

Reunidos ás 09:00 horas en data 30/10/2026 os seguintes membros do Tribunal:
*Presidente: Luis Fole Barrio, arquitecto técnico do Concello de Arzúa
*Vogais:
D. Jesús Rúa Taboada (condutor e operario de servizos varios do Concello de Arzúa).
D. Alberto Cao Gigirín (conserxe servizos varios do Concello de Arzúa).
Dna Irene Couselo del Rio (Auxiliar administrativa do Concello de Arzúa).
Secretaria: María José Lage Vázquez (AEDL do Concello de Arzúa).

Non se manifesta por ningún membro do Tribunal estar afectado por causa de abstención (artigo 24 Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do séctor público .

Visto o expediente que se tramita para a formación de bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal destinado ao servizo de mantemento; segundo as bases de selección que foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 02/09/2026 publicadas na web municipal e no BOP nº 180 de data 21/09/2026.

Visto o decreto nº 764/2026 de data 16/10/26 polo que se aproba a lista definitiva de admitidos e excluidos, publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no taboleiro do concello.

Vista a base Novena das bases que rixen o proceso de selección cuxo contido e o seguinte:

"O procedemento de selección é o de oposición libre que comprenderá as seguintes probas: a) proba teórica e b) proba práctica, e c) proba de acreditación de coñecemento do galego.

a) Proba teórica: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal de selección.

O exercicio realizarase a porta cerrada coa única presencia dos/as opositores/as, os membros do tribunal e as persoas colaboradoras que este último designe, no seu caso.

A proba consistirá en realizar un exame tipo test no que haberá que responder a un cuestionario de 20 preguntas sobre os contidos do temario que se recolle no Anexo II segundo a denominación do posto de que se trate.

Cada pregunta formularase con tres respostas alternativas, das que solo unha será correcta.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 30 minutos.

CVD: OVp+w0DFTgiHXLPsyNJB Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concellodearzua.com/

Cada resposta correcta valorarase con 1 punto. Cada resposta incorrecta restará 0,25 puntos. As respostas en branco non puntuarán.

O exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos e será necesario para superalo un mínimo de 10 puntos.

As puntuacións faranse públicas unha vez rematada a corrección dos test, concretando o lugar, día e hora para a realización da proba práctica. "

c) Proba de coñecemento da lingua galega: De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na tradución directa do castelán ao galego de 5 frases propostas polo Tribunal durante un tempo máximo de 15 minutos e sen axuda do dicionario. Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto. Quedan eximidos da realización deste exercicio aqueles aspirantes que acrediten posuír, antes da finalización do prazo de presentación de instancias o CELGA 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na ORDEN de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orden de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG nº 34, de 19 de febreiro de 2014.

Polo Tribunal cualificadora acordouse por unanimidade a realización da proba de galego ás 9:15 h do día 03/11/26 para aqueles aspirantes que non o acreditaron en todas as categorías, sendo aptos :

1-JOSE MANUEL GARCIA PUENTE
2-JOSE LUIS RIVADULLA VALIÑO
3-JAIME PEREZ CASTRO
4-JOSE LUIS VAZQUEZ ASTRAY
5-MANUEL TOJO LEA
6-FERNANDO SEOANE VARELA

O tribunal acordou por unanimidade que todos os aspirantes foron APTOS na proba de galego.

As 10:00 h. son chamados os seguintes aspirantes por lista de presentación de solicitudes para a realización da proba tipo test da categoría **OPERARIO SERVIZOS VARIOS**

Nº	Nome e apelidos	DNI
1	MARC DIEZ DE ARTAZCOZ RODRIGUEZ	***4791**
2	SAMUEL VEREA PERNAS	***6133**
3	ROBERTO BALADO SANGIAO	***6013**
4	JOSE MANUEL GARCIA PUENTE	***8395**
5	JOSE LUIS RIVADULLA VALIÑO	***8614**
6	ADELINA SANTOS VAZQUEZ	***8605**
7	VANESA VAZQUEZ VILA	***7806**
8	JAIME PEREZ CASTRO	***8842**
9	MIGUEL ANGEL MEIJIDE CESAR	***6755**
10	VICTOR XOSE PENA OTERO	***4799** (Non presentado)
11	JOSE LUIS VAZQUEZ ASTRAY	***9122**

CVD: OVp+w0DFTgiHXLPsyNJB Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concellodearzua.com/

12	MANUEL TOJO LEA	***8087**
13	FERNANDO SEOANE VARELA	76519709C

Polo Tribunal cualificadora acordouse por unanimidade a realización das seguintes probas tipo test para a categoría operario servizos varios:

Marcar cunha X unha das tres opcións A, B ou C que se formulan para cada pregunta.

1.- Os empregados públicos clasifícanse:

A) Funcionarios de carreira e interinos, persoal laboral fixo ou temporal e directivo.
B) Funcionarios de carreira e interinos, persoal laboral fixo ou indefinido ou temporal e persoal eventual.
C) Funcionarios de carreira, interinos, persoal laboral fixo e eventual.

2.- Son órganos necesarios do Concello en todos os municipios:

A) O Alcalde, o Pleno e os Tenentes de Alcalde.
B) O Alcalde e o Pleno.
C) O Alcalde, o Pleno, os Tenentes de Alcalde e a Xunta de Goberno.

3.-O Pleno municipal:

A) E presidido polo primeiro Tenente de Alcalde
B) E presidido polo Alcalde
C) E presidido polo concelleiro competente según os asuntos a tratar.

4.- Que é un formigón?

A) Unha mestura de areas, gravas e cemento, todo amasado con auga.
B) Unha mestura de grava e cemento, todo amasado con auga.
C) Unha mestura de area e cemento, todo amasado con auga.

5.- Cal dos seguintes obxectos se empregan en albanelería como elemento de suxeición?

A) Cisalla
B) Sarxento
C) Puntal

6.- Diremos que o gramil é un instrumento que serve para?

A) Trazar liñas paralelas aos bordos dunha peza escuadrada.
B) Localizar avarías nunha instalación eléctrica.
C) Golpear, cravar e descravar

7.- As canalizacións dun sistema de calefacción con radiadores conforman:

A) A instalación de distribución
B) A instalación térmica
C) A instalación emisora de calor

CVD: OVp+w0DFTgiHXLPsyNJB Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concellodearzua.com/

8.- Un interruptor magnetotérmico (PIA) é un aparato que:

A) Instálase no cadro xeral de mando e protección antes do diferencial
B) Instálase no cadro xeral de mando e protección detrás do diferencial
C) Instálase fora do cadro xeral de mando e protección

9.- En función da gravidade das emerxencias, no caso de existir un accidente e que o accidente poida ser controlado e dominado de forma sinxela e rápida polo persoal e medios de protección do local, dependencia ou sector, a emerxencia clasificarase como:

A) Conato de emerxencia
B) Emerxencia parcial
C) Emerxencia xeral

10.- O interruptor destinado á protección contra contactos indirectos dos circuítos eléctricos de baixa tensión é:

A) Un interruptor xeral automático de corte omnipolar (IGA)
B) Un interruptor diferencial
C) Un dispositivo de corte omnipolar, destinado á protección contra sobrecargas e curtocircuítos de cada un dos circuitos interiores da vivenda ou local (PIAS)

11.- Como se denomina ao proceso de cortar e rabuñar o céspede cunha serie de coitelas para rexeneralo e romper o feltro que se forma na superficie do chan?

A) Segar
B) Escarificar
C) Cavar

12.- Que se entende por varrido mixto?

A) Consiste no varrido das vías públicas dun determinado sector, realizado por un ou máis operarios, os cales mediante unha vasoira, arrastran os residuos existentes na beirarrúa e entre os vehículos cara á calzada, para que, posteriormente, sexan recollidos por unha máquina varredora.
B) Consiste no varrido das vías públicas dun determinado sector, realizado por un ou máis operarios, os cales mediante unha vasoira, arrastran os residuos existentes na beirarrúa e entre os vehículos para, posteriormente, recollelos e introducilos nunha bolsa de plástico colocada no carro de varrido.
C) Consiste na limpeza da franxa da calzada lindante co bordo das rúas e prazas, realizado por unha máquina varredora.

13.- Un morteiro bastardo é:

A) Un morteiro de cal
B) Un morteiro de xeso
C) Un morteiro de cemento e cal

14.- As dimensións dos ladrillos exprésanse en función de:

A) As súas arestas
B) O seu grosor
C) As súas caras

CVD: OVp+w0DFTgiHXLPsyNJB Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concellodearzua.com/

15.- Que taboleiro se fabrica a partir de labras de madeira encoladas con resinas sintéticas?

A) O taboleiro de fibra
B) O taboleiro aglomerado
C) O taboleiro de conglomerado

16.- Como se leva a cabo a disolución de pinturas ao silicato?

A) Con auga
B) Con disolvente universal
C) Con augarrás

17.- Como medida preventiva durante o manexo dunha rozadora de man (desbrozadora), a distancia mínima de seguridade con respecto aos demais operarios será de:

A) 15 m
B) 5 m
C) 10 m

18.- Cal das opcións propostas é a máis axeitada para sufocar un incendio producido no cadro eléctrico dun edificio?

A) Un extintor de po ABC
B) Un extintor de CO2
C) Unha mangueira de auga

19.- A corrente continua é a que imos encontrar en:

A) Habitualmente nas vivendas
B) Nunha pila
C) Nos pequenos talleres

20.- Segundo a Ley de Prevención de Riscos Laborais, que se entende por equipo de traballo?

A) O equipo destinado a ser levado polo traballador para que o protexa dun ou varios riscos que poidan ameazar á súa seguridade ou á súa saúde no traballo, ou calquera complemento ou accesorio destinado a tal fin.
B) Calquera característica do traballo que poida ter unha influencia significativa na xeración de riscos para a seguridade e saúde do traballador.
C) Calquera máquina, aparato, instrumento ou instalación utilizada no traballo.

Preguntas de reserva:

1.- A auga nos sifóns evita:

A) O golpe de ariete
B) O paso de residuos sólidos
C) Malos cheiros

2.- Que elemento protexe os circuítos contra as sobrecargas?

A) Interruptores diferenciais
B) Contactores
C) Pequenos interruptores

CVD: OVp+w0DFTgiHXLPsyNJB Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concellodearzua.com/

3.- A posición máis favorable da carga para a súa manipulación é:

A) Separada do corpo a unha altura comprendida entre cóbados e ombros
B) Pegada ao corpo a unha altura comprendida entre os cóbados e os cotenos
C) Pegada ao corpo a unha altura comprendida entre xeonllos e mans.

Plantilla:

1.- B
2.- A
3.- B
4.- A
5.- B
6.- A
7.- A
8.- B
9.- A
10.- B
11.- B
12.- A
13.- C
14.- C
15.- B
16.- A
17.- C
18.- B
19.- B
20.- C

Reserva:

1.- C
2.- C
3.- B

Dado qué o rematar a proba púxose a plantilla nas instalacións onde se fixo a proba teórica, e dado que houbo un erro na plantilla relacionada coa **pregunta 17,** en vez de ser a resposta C) , a **resposta correcta é a A)**, polo que a plantilla quedaría da seguinte maneira:

Plantilla:

1.- B
2.- A
3.- B
4.- A
5.- B
6.- A
7.- A
8.- B
9.- A
10.- B
11.- B
12.- A
13.- C

CVD: OVp+w0DFTgiHXLPsyNJB Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concellodearzua.com/

14.- C
15.- B
16.- A
17.- A
18.- B
19.- B
20.- C

Reserva:

1.- C
2.- C
3.- B

Unha vez correxidos polo tribunal ditos cuestionarios acordaron por unanimidade outorgar as seguintes puntuacións :

Número código	Puntuación proba teórica
150	6
182	3,75
196	10,25
200	5,75
103	17,50
111	10,75
116	6,25
127	8,75
140	12,75
176	4
143	2,25
192	7,50

Tras todo o exposto o Tribunal por unanimidade **ACORDOU** :

PRIMEIRO .- Publicar no taboleiro da sede electrónica, no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na páxina web o resultado de ditas probas teóricas

SEGUNDO.- Convocar para a realización da proba práctica os aspirantes que acadaron un mínimo de 10 puntos (base Novena) o día **19 de novembro de 2026, as 10:00 horas** na nave de mantemento sito en Rúa Basilio Carril.

-Parte práctica de Operario servizos varios-10:00 h


Número código	Puntuación proba teórica
196	10,25
103	17,50
111	10,75
140	12,75

TERCEIRO: O Tribunal acorda publicar un anuncio coas puntuacións acadadas no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Arzúa abrindo un período de tres días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación do mesmo para a presentación de alegacións.

CVD: OVp+w0DFTgiHXLPsyNJB Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concellodearzua.com/

Polo Presidente sendo as **10:40horas** levántase esta sesión do que dou fe có visto e prace do Presidente, asinando a presente:

*Presidente: Luis Fole Barrio, arquitecto técnico do Concello de Arzúa
*Vogais:
D. Jesús Rúa Taboada (condutor e operario de servizos varios do Concello de Arzúa).
D. Alberto Cao Gigirín (conserxe servizos varios do Concello de Arzúa).
Dna Irene Couselo del Rio (Auxiliar administrativa do Concello de Arzúa).
Secretaria: María José Lage Vázquez (AEDL do Concello de Arzúa).



CVD: OVp+w0DFTgiHXLPsyNJB Verificable na Sede Electrónica do Organismo. https://sede.concellodearzua.com/